



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 27 DE MAIO DO 2020

Alcalde-Presidente:

Carlos Ladra Brage

ASISTENTES

Concelleiros/as;

Grupo político municipal PSdG-PSOE

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M^a. Rodríguez Fernández

Grupo político municipal BNG:

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

Grupo político municipal PP:

Elena María Arias Martínez

Manuel González López

Javier Fernández Brage

Grupo Mixto:

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

AUSENCIAS XUSTIFICADAS:

M^a. José Bouza Varela

Secretaría-Interventora:

Irene Suárez López

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove horas e trinta minutos, do 27 de maio de dous mil vinte, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaria-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

Antes de comezar co primeiro punto da orde do día o **Alcalde** indica que lle gustaría transmitir o dor polas vítimas do COVID 19 e pedir un minuto de silencio na súa honra.

Gárdase un minuto de silencio polos falecidos polo COVID 19.



O **Alcalde** engade que quere agradecer tamén o traballo realizado polos servizos sociais do concello, os traballadores de protección civil, do centro de saúde e dos comerciantes cos negocios abertos que se enfrontaron á pandemia e pide un aplauso para todos eles.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o Alcalde comeza preguntando aos Concelleiros se teñen algunha observación que facer **ás actas correspondentes ás sesións celebradas o 29 de xaneiro, o 2 de marzo e o 9 de marzo.**

A concelleira **Elena María Arias Martínez** indica que, no caso da primeira acta, figura o seu nome ao revés, xa que debería ser Elena María, e nas dúas últimas non figura e gustaríalle que se corrixisen.

Sometidas as actas a votación son aprobadas por unanimidade dos presentes (10 votos).

2. Proposta aprobación proxecto de melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase III. Colectores Xerais, Cabanas (A Coruña), Clave OH 315.1074.

Obra no expediente o ditame que a continuación se transcribe:

PROPOSTA DE ALCALDÍA.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE MELLORAS DO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE III. Colectores xerais, Cabanas (A Coruña), redactado por Augas de Galicia.

*Con data 3/02/20 recíbese comunicación de Augas de Galicia, na que se indica que, entre outros, que se mediante Resolución do 29/01/20 acordouse o financiamento ao 100 por cento da actuación **MELLORAS DO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE III. Colectores xerais, Cabanas (A Coruña)** (OH.315.1074).*

Co fin de tramitar o expediente para proceder á execución das obras, e de acordo co Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2020, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, faise necesario que por parte do concello de Cabanas se remita acordo plenario nos termos que se fan constar no citado escrito.

Asemade, é segundo o indicado pola Demarcación de Costas de Galicia, en escrito de 11/05/18 é preceptivo tramitar unha concesión, para a que se require, entre outros, acordo plenario de solicitude.

Polo exposto anteriormente esta Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- *Aprobación inicial do proxecto da obra “Melloras do saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase III. Colectores xerais. Cabanas (A Coruña)”, de clave: OH.315.1074, unha vez rematado o trámite de información pública.*

SEGUNDO.- *Comprometerse a facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local, que resultaren esixibles con motivo das obras.*

TERCEIRO.- *Comprometerse a asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da execución das obras, unha vez que sexan recibidas pola Administración hidráulica de Galicia.*

CUARTO.- *Comprometerse ao establecemento ou actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras, logo da súa cesión á entidade local.*

QUINTO.- *Ratificar a solicitude efectuada polo Alcalde de solicitude de financiamento do 100% do custo das obras.*

SEXTO.- *Poñer a disposición da Administración Hidráulica de Galicia os terreos necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras.*

SÉTIMO.- *Solicitar á Demarcación de Costas de Galicia concesión para levar a cabo a actuación citada no apartado primeiro.*





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O **Alcalde** explica que necesitan adoptar ese acordo para a súa remisión a Augas de Galicia e que se licite o proxecto.

Ábrese o debate e intervén a concelleira **Elena Arias Martínez** que di que todo o que sexa investir no saneamento parécelles ben, de feito xa é algo que, explica, levaban no seu programa, polo que apoiarán o acordo.

De seguido intervén o concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** que indica que van a votar a favor e gustaríalles que se licitase canto antes, pola situación deficitaria no parque do Areal e outras zonas.

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos asistentes (10 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do proxecto da obra “Melloras do saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase III. Colectores xerais. Cabanas (A Coruña)”, de clave: OH.315.1074, unha vez rematado o trámite de información pública.

SEGUNDO.- Comprometerse a facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local, que resultaren esixibles con motivo das obras.

TERCEIRO.- Comprometerse a asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da execución das obras, unha vez que sexan recibidas pola Administración hidráulica de Galicia.

CUARTO.- Comprometerse ao establecemento ou actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras, logo da súa cesión á entidade local.

QUINTO.- Ratificar a solicitude efectuada polo Alcalde de solicitude de financiamento do 100% do custo das obras.

SEXTO.- Poñer a disposición da Administración Hidráulica de Galicia os terreos necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras.

SÉTIMO.- Solicitar á Demarcación de Costas de Galicia concesión para levar a cabo a actuación citada no apartado primeiro.

3. Solicitude POS+ Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID19 da Deputación Provincial da Coruña.

Obra no expediente o ditame que a continuación se transcribe:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

SOLICITUDE POS+ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 66, de data 5 de maio de 2020, procedense á publicación da modificación das Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2020, para regulación do POS+ Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do Covid-19, así como Circular da Deputación Provincial da Coruña, de data 30 de abril de 2020, pola que se comunica a asignación ao Concello de Cabanas no POS+ Adicional 1/2020, cunha contía de 22.940,62 euros.

De conformidade co establecido no punto 12 das referidas bases sométese ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. *Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2020” da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega*



provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

GASTOS EXTRAORDINARIOS SOCIAIS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
<i>A) Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia</i>	2.900,00	0,00 €	2.900,00 €
<i>F) Adquisición de medios de prevención (EPI).</i>	14.500,00 €	0,00 €	14.500,00 €





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

<i>G) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.</i>	5.540,62 €	0,00 €	5.540,62 €
T O T A L	22.940,62 €	0,00 €	22.940,62 €

Segundo. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

Intervén a concelleira **Diana Rodríguez Fernández** que explica que o que se pretende é facer un reforzo nos servizos sociais, a través dun programa de apoio emocional, ademais da adquisición de equipos de protección individual, destinándose o resto da contía da subvención a emerxencia social.

Ábrese o debate e intervén a concelleira **Elena Arias Martínez** que di que como xa comentaron na comisión informativa, situacións excepcionais requiren mecanismos extraordinarios e que, polo tanto van apoiar a solicitude.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** intervén para amosar o seu apoio á proposta, se ben quere recordar que xa coa aprobación do orzamento demandou a aprobación dunha renda básica, que considera que tería resolto moitos dos problemas que se darán con esta situación e empraiza tamén ao equipo de goberno a modificar a ordenanza de emerxencia social para adaptala á crise que están a vivir.

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos presentes (10) votos adoptouse o seguinte ACORDO:

Primeiro. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2020”** da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación



GASTOS EXTRAORDINARIOS SOCIAIS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
A) Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia	2.900,00	0,00 €	2.900,00 €
F) Adquisición de medios de prevención (EPI).	14.500,00 €	0,00 €	14.500,00 €





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

G) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.	5.540,62 €	0,00 €	5.540,62 €
T O T A L	22.940,62 €	0,00 €	22.940,62 €

Segundo. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

4. Proposta modificación Ordenanza de protección e tenza de animais.

Obra no expediente o ditame que se transcribe literalmente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA.- MODIFICACION DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE TENZA DE ANIMAIS DOMÉSTICOS.

O concello de Cabanas conta cunha Ordenanza Municipal para a protección e tenza de animais (BOP núm. 8 do 12/01/12). Compre adaptar a dita regulación á normativa autonómica actual, recollida na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais e compañía de Galicia. Asemade, prevese a regulación dun espazo delimitado como "praia canina" durante a temporada estival.

É polo que esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza de protección e tenza de animais do concello de Cabanas, nos termos en que figura no expediente.*

SEGUNDO. *Someter dita modificación da Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.*

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

O **Alcalde** explica que se trata dunha adaptación á normativa autonómica, así como á creación dunha zona destinada a praia canina.

A concelleira **Elena Arias Martínez** intervéen para indicar que non van apoiar a modificación da ordenanza, non polo tema da adaptación á normativa, senón porque non teñen claro nin a situación, nin o control no tema da praia canina e para o seu grupo é fundamental controlar como ingresan os animais e en que condicións van estar, motivo polo que se van abster. A concelleira engade que si se cambiara contarían co seu apoio.

De seguido intervéen o concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** que di que xa na comisión informativa amosou as súas dúbidas con respecto á situación da praia na zona sur, máxime, cando di que o equipo de goberno xa sabe que nesa zona é requisito a autorización autonómica por tratarse dunha zona de duna protexida, entón, nese senso, e sen un informe da Dirección Xeral de protección da Natureza non poderían apoiar o punto e pon o tema sobre a mesa para que poidan rectificar e estuden o asunto primeiro.



O **Alcalde** indica que están a falar unicamente da zona da praia, non da zona verde nin das dunas.

Sometido o asunto a votación e por seis (6) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto, tres (3) abstencións dos concelleiros do PP e un (1) voto en contra do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza de protección e tenza de animais do concello de Cabanas, nos termos en que figura no expediente.

SEGUNDO. Someter dita modificación da Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

5.- Proposta de derogación da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

Obra no expediente o ditame que se transcribe literalmente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA.- DERROGACIÓN DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA

Os concellos teñen potestade para establecer a taxas por ocupación do dominio público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, así como para regulalas e derrogalas, deixando, por tanto, de aplicalas no termo municipal.

O concello de Cabanas conta con sete establecementos de bar e cafetería que contan con espazo privado para a colocación de mesas e cadeiras, polo que os ingresos que o Concello recada por esta taxa teñen moi pouco peso como fonte de financiamento de gastos municipais. Ademais de que, polas condicións climatolóxicas da zona, con moitos días con inclemencias, en especial de choiva, incluso nos meses de verán, fan que os titulares dos negocios non podan utilizar as terrazas, e soliciten o permiso de ocupación só para os meses de xullo e agosto, na maioría dos casos.

Actualmente, na situación de excepcionalidade e logo da publicación do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o establecemento de terrazas complica máis si cabe, debido a obrigatoriedade de adoptar medidas de distanciamento coa finalidade de previr os contagios. E tamén, derivado do propio Estado de alarma, estes negocios levan case dous meses pechados, coa conseguinte perda de ingresos polos seus titulares.

Estímase convinte polo tanto, reducir a carga fiscal que soportan estes negocios, coa finalidade de que os propietarios poidan destinar o importe das taxas á adopción de medidas para adaptar os locais á nova situación. Isto incidiría favorablemente no sector e deste xeito o Concello, coa supresión da taxa, estaría colaborando coa supervivencia destes negocios e fomentando e reactivando a economía local, sen que o feito de deixar de recadar por esta taxa, supoña un prexuízo económico para as arcas municipais.

É polo que esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a derogación da Ordenanza fiscal núm. 22 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, polos motivos expostos.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O **Alcalde** explica que o queeren é reducir gastos aos hostaleiros, a ordenanza derrógase e di que a final de ano traerán outra.

Ábrese o debate e intervén a concelleira **Elena Arias Martínez** que di que lles parece ben a proposta, xa que, evidentemente se trata de momentos moi difíciles e todo o que se poda facer é benvido; de todos xeitos cren que é unha medida insuficiente, pero necesaria.

A concelleira **María Eva García Amor** intervén para dicir que, dende o equipo de goberno, sempre se estivo de acordo con reducir as cargas ás empresas e esta é unha das medidas que se van adoptar.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** intervén a continuación para dicir que está a favor, pero entende que a nova normalidade requirirá unha nova normativa que axude ás Pemes e cunha ordenación mais detallada; por outra banda di que é sintomático que a primeira ordenanza que se derroga o sexa con efectos económicos e cre que deberían prever na nova ordenanza o tema das zonas de paso.

O Alcalde di tratará de prevelo na nova ordenanza.

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos presentes (10 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a derogación da Ordenanza fiscal núm. 22 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, polos motivos expostos.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

6. Proposta modificación Regulamento de réxime interno do Punto de Atención á infancia de As Viñas.

Obra no expediente o ditame que se transcribe literalmente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA.- MODIFICACION DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE AS VIÑAS NO CONCELLO DE CABANAS.

O concello de Cabanas conta cum Regulamento de réxime interno para o punto de atención á infancia (BOP núm. 165 do 30 de agosto de 2010) do que compre a súa modificación polos motivos recollidos no informe emitido pola Traballadora Social do concello de 14 de marzo de 2020 e que obra no expediente.

*E polo que esta Alcaldía, **PROPÓN** ao Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de réxime interno do punto de atención a infancia de As Viñas no concello de Cabanas, nos termos que figura no expediente.*

SEGUNDO. *Someter dita modificación do Regulamento municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.*



Simultaneamente, publicar o texto da modificación do Regulamento municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

De seguido intervén a concelleira **Diana Rodríguez Fernández** que di que como xa se indica no informe da Traballadora Social, tratase de modificar o artigo 4 polo tema das idades e tamén o artigo 5, para que o PAI peche en agosto e sexa mais sinxelo o tema das vacacións para a empresa que o xestiona e o mantemento das *ratios*, así como para aproveitar ese tempo para o mantemento e a limpeza do centro. Di que se modifica tamén o prazo de inscrición para facelo coincidir co do resto de centros educativos.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que en relación a ese regulamento consideran que se debe ter en conta a pandemia, é o que consideran mais prioritario e gustaríalle saber se van adoptar algunha medida nese aspecto.

A concelleira **Diana Rodríguez Fernández** indica que están á espera dun protocolo por parte da Consellería de Política Social para poder adoptar as medidas oportunas.

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos presentes (10 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de réxime interno do punto de atención a infancia de As Viñas no concello de Cabanas, nos termos que figura no expediente.

SEGUNDO. Someter dita modificación do Regulamento municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación do Regulamento municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

7.- Expediente de modificación de créditos por suplemento 3/2020

Sometida a votación a ratificación da inclusión do expediente na orde do día, é aprobado por nove (9) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG, PP e a concelleira do Grupo Mixto e unha (1) abstención do concelleiro do Grupo Mixto.

Obra no expediente a proposta que se transcribe literalmente:

PROPOSTA DA ALCALDÍA.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 3/2020, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Visto o expediente relativo á aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 3/2020 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, que consta de providencia de Alcaldía, Memoria da Alcaldía e informe de Secretaría Intervención.

Visto que da liquidación do exercicio 2019 resulta un remanente de tesourería para gastos xerais positivo por importe de 778.784,36 €.

Visto que as contías consignadas no orzamento de 2020 resultan insuficientes para atender ao gasto relativo a achegas municipais e os investimentos que a continuación se relacionan:

- *Axudas para o fomento do emprego mediante o impulso da actividade económica no termo municipal de Cabanas, para paliar os efectos do COVID 19: Liña de axudas para autónomos/as obrigados a suspender a apertura ao público segundo o R.D. 463/2020, de 14 de marzo.*





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Visto o que antecede, considerando que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación inicial polo Pleno, de acordo co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobado o expediente de modificación de créditos núm. 3/2020, na modalidade de suplemento de crédito por un importe global de **40.000,00** euros, que se financia con cargo a Remanente de Tesourería para gastos xerais (que se acreditan no expediente), conforme ao detalle de partidas seguinte:

Aplicación		Descrición	Suplemento de crédito
Programa	Económica		
241	480.00	Subvencións para fomento do emprego	40.000,00

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP.

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

De seguido o **Alcalde** explica que se trata dun suplemento de crédito co obxectivo de sacar unha liña de axuda para os autónomos, cuxa aprobación está prevista para a semana seguinte e cun tope máximo de 600€.

A concelleira **Elena Arias Martínez** pregunta ao alcalde si sería posible que lles concretara un pouco mais en que van a consistir as axudas.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** solicita tamén que lle digan en que consisten as axudas e ademais ten dúbidas xa que cría que este tipo de axudas eran so para concellos de mais de 20.000 habitantes e tampouco sabe moi ben como afecta o plan económico financeiro, que o concello ten aprobado, a esta modificación de crédito.

O **Alcalde** explica que a subvención vai ser de concorrencia competitiva, terá un prazo de inscrición, pero estará aberta ata final de ano, para que os solicitantes podan seguir xustificando gastos ata o tope dos 600€ e respecto do plan económico financeiro cre que lles poderá informar mellor a Secretaria.

A Secretaria indica que non teñen un plan económico financeiro como tal, senón que o que se fixo foi explicar ao órgano competente do Estado o porqué do incumprimento en exercicios pasados do límite da regra de gasto. Di que, na liquidación do exercicio 2019 cómprese coa regra de gasto e a estabilidade orzamentaria, o concello non ten tampouco débeda a efectos SEC e o remanente de tesourería para gastos xerais é positivo, polo que non ve inconveniente en levar a cabo a modificación.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que, resoltas as dúbidas, o seu voto será a favor, pero quere engadir que deberían introducir bonificacións no tema do lixo e outras taxas.

O **Alcalde** di que é unha primeira medida e sacarán algunha axuda mais porque di que a crise non remata aí e o concello estará volcado nas axudas.

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos presentes (10 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:



PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 3/2020, na modalidade de suplemento de crédito por un importe global de **40.000,00** euros, que se financia con cargo a Remanente de Tesourería para gastos xerais (que se acreditan no expediente), conforme ao detalle de partidas seguinte:

Aplicación		Descrición	Suplemento de crédito
Programa	Económica		
241	480.00	Subvencións para fomento do emprego	40.000,00

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP.

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

8. Proposta modificación puntual RPT

Obra no expediente o ditame que se transcribe literalmente:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

***Primeiro.** Aprobar inicialmente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo deste Concello, co texto que figura no expediente.*

***Segundo.** Expor ao público a mencionada relación, durante o prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A modificación da relación considerárase definitivamente se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.*

***Terceiro.** Una vez aprobada definitivamente a modificación, a Relación de Postos de Traballo publicarase integramente en o Boletín Oficial da Provincia e remitirase una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.*

De seguido intervén a concelleira **Paula González Grueiro** que di que, como xa faláron noutras ocasións, en Secretaría Intervención debería haber cinco persoas traballando e víronse limitados por temas de xubilación do persoal, están traballando no tema da Relación de postos de traballo, e ían en tempo e forma, pero o tema do COVID paralizou todo, motivo polo que propoñen esta modificación puntual, mentres non se leva a cabo a revisión do documento.

A concelleira **Elena Arias Martínez** amosa so seu apoio, xa que no seu programa xa levaban o tema da RPT e polo tanto, en coherencia, deben apoiálo; di que calquera que estea minimamente en contacto co concello sabe que a Secretaría Intervención está moi limitada de medios, polo que lles parece moi importante a modificación proposta.

A concelleira **Eva García Amor** di que está claro que a falla de persoal é evidente e un dos pactos do equipo de goberno foi, precisamente, tomar medidas nese aspecto e cren que é imprescindible avanzar coa RPT.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que van a votar a favor, non obstante gustaríalle saber porqué a empresa que está elaborando a nova Relación de postos de traballo fixo as entrevistas antes de ter asinado o contrato.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

A concelleira **Paula González Grueiro** di que o proceso de elaboración dunha nova relación de postos de traballo comezou a finais do ano pasado e tiñan unha reunión pendente cos traballadores, porque queren que sexa participativa, e contan con retomala canto antes.

O **Alcalde** di que a empresa ten un contrato dende o inicio e, aínda que non é necesario, por tratarse dun contrato menor, optaron por formalizalo.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que o pregunta porque é a primeira vez que ve a unha empresa traballar sen ter o contrato.

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos presentes (10 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo deste Concello, co texto que figura no expediente.

Segundo. Expoñer ao público a mencionada relación, durante o prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A modificación da relación considerárase definitivamente se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro. Una vez aprobada definitivamente a modificación, a Relación de Postos de Traballo publicarase integramente en o Boletín Oficial da Provincia e remitirase una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

II. Parte de control aos órganos de goberno

9. Informes da Presidencia

a) Resolucións de Alcaldía

Dáse conta das Resolucións de Alcaldía aprobadas dende o último pleno ordinario.

10. Mocións de urxencia

a) Moción “Proposta sobre a dotación universal de material de protección contra o Covid-19”.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** da lectura á moción presentada polo seu grupo político municipal, cuxo teor literal é o seguinte:

ASUNTO: Sobre a distribución de material sanitario de primeira necesidade a raíz da pandemia do COVID-19

Ó abeiro do establecido na lexislación vixente o Grupo Municipal Mixto a través do seu voceiro da Marea de Cabanas, Xosé Manuel Pérez Sardiña, presenta a seguinte moción para o seu debate no vindeiro pleno da Corporación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Debido a esta pandemia do coronavirus COVID-19, as máscaras sanitarias e as luvas de diferentes tipos víronse envoltas en prácticas especulativas das que somos vítimas a cidadanía, as institucións e as farmacias. Por iso, nun primeiro momento, o goberno do Estado priorizou o abastecemento de Equipos de Protección Persoal a hospitais e a persoal en servizos esenciais, inda que non evidentes eivas de protección que se acaban de manifestar nos altos índices de contaxio destes colectivos.

A Organización Mundial da Saúde, a través do seu enviado especial David Nabarro, aseguraron que o uso xeneralizado de máscaras sanitarias vai ser a norma para "Unha forma de protección facial" combinada con outras recomendacións recollidas nesta ligazón (<https://www.who.int/es/emergencias/diseases/novel-coronavirus-2019/advice-for-public/when-and-how-to-use-masks>).



Asemade, este experto cualificou o covid-19 como un "virus que axexará a humanidade durante longo tempo", ata que se desenvolva un remedio.

Nesta liña de universalización da protección, os colexios farmacéuticos foron os primeiros en pedir ao Goberno que fixase un prezo fixo ás máscaras, para que os provedores alleos á canle farmacéutica parasen coa especulación sobre este ben de primeira necesidade. É o momento para garantir o acceso en condicións de igualdade e proximidade á cidadanía a través das farmacias, un recurso sanitario atendido por profesionais sen cita previa nin lista de espera.

O Ministerio de Sanidade coñece a dispoñibilidade e efectividade desta distribución controlada de máscaras á poboación a través das boticas, que ademais se pode regular a través da tarxeta sanitaria universal.

Así mesmo, deberanse distribuír a marxe cero, ao prezo intervido que estableza o Goberno, sen ganancia nin beneficio co fin de parar a especulación e o abuso inxustificado de prezos.

Por isto propoñémoslle ao pleno o seguinte acordo

Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia a

- 1. Fixar un prezo intervido para as máscaras sanitarias.*
- 2. Establecer as farmacias como canle de distribución igualitaria e libre de especulación mediante a tarxeta sanitaria.*
- 3. Priorizar na distribución deste material tanto ao persoal de servizos esenciais, coma ás persoas traballadoras e ás persoas de idade e/ou con enfermidades de risco.*

De seguido intervén o concelleiro **Iago Varela Martínez** que di que consideran que non procede a urxencia da moción, porque o do prezo intervido xa está feito e o tema das farmacias tamén.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que por parte do seu grupo vanse abster polo que se refire á urxencia da moción, xa que están de acordo co indicado polo concelleiro Iago Varela Martínez e o que teñen interese é en saber si hai algo novo con respecto á moción.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que a moción é do mes de abril e chega tarde, pero aínda así, non quedou especificado o prezo de todas as máscaras, igual que o tema das farmacias e tendo en conta que o equipo de goberno enviaba cartas coas máscaras, e, en canto ao tema do persoal tamén viron a xente sen elas e tamén pediron un uso responsable, motivo polo que cre que o que solicitan coa moción segue en vigor.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que con respecto ás mascarar entenderon que era peor ir á farmacia, que poder usar as de tea.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** considera que repartilas por correo foi unha irresponsabilidade, xa que ninguén garantiu as condicións sanitarias desas máscaras, non se sabe que as manipulou. Co agravante di que, nese momento, xa se podía ir á farmacia, polo que non tiña sentido.

O concelleiro **Iago Varela Martínez** di que con cada máscara enviouse unha carta na que se indicaba como debía ser o seu uso, e entre outros, que debía lavarse.

Neste punto intervén a concelleira **Eva García Amor** que di que nese momento non había máscaras en moitas farmacias.

Sometida a votación a urxencia da moción é rexeitada por seis (6) votos en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e da concelleira do Grupo Mixto, tres (3) abstencións dos concelleiros do PP e un (1) voto a favor do concelleiro do Grupo Mixto.

11. Rogos e preguntas

A concelleira **Elena Arias Martínez** formula as seguintes preguntas:

- A concelleira di que lle gustaría saber se teñen algunha información adicional sobre o PXOM.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

O concelleiro **Iago Martínez Varela** cre que lles falta por chegar o informe de Augas de Galicia.

- A concelleira pregunta como están os trámites para reparar o camiño da Preguiza.

A concelleira **Concepción Rodríguez Ferreiro** di que se puxeron en contacto coa empresa que xa se contratara e están previstas unhas actuacións.

- A concelleira pregunta se teñen constancia de que en Tras da Vila, co desbroce caeu unha sinal de stop enriba dun vehículo.

A concelleira **Concepción Rodríguez Ferreiro** di que, efectivamente, teñen constancia e xa están en contacto co veciño afectado.

- A concelleira di que chegaron aos seus oídos que a concelleira Eva García Amor está traballando no concello de Ferrol, na área de Servizos Sociais.

A concelleira **Eva García Amor** di que é un tema persoal seu, e que, en todo caso, o seu traballo e perfectamente compatible co seu labor como concelleira.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que lle parece ben, pero recórdalle que recibe cartos públicos.

O **Alcalde** di que non, porque renunciou á dedicación.

A concelleira **Elena Arias Martínez** non sabe entón porque á oposición non se lle informou, non teñen porque dicir o motivo, pero si informálos.

O **Alcalde** di que hai unha resolución de Alcaldía sobre a renuncia á dedicación, que xa está entre a documentación do pleno.

A concelleira **Eva García Amor** insiste en que é un tema persoal do que non ten que dar conta a ninguén e que tamén o concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña renunciou a parte das asistencias e ninguén lle preguntou nada.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** pide a palabra por alusións e di que el non dixo nunca que renunciara, so doou unha parte.

A concelleira **Elena Arias Martínez** di que, a pesar da resolución, a falta de comunicación coa oposición cre que é algo sen precedentes e enlaza con outra pregunta que é saber porque non se tivo en conta á oposición durante a crise, porque non se celebraron plenos, nin comisións, porque non se adoptaron medidas consensuadas, e considera que merecen un respecto, xa non por eles, senón polos seus votantes.

O concelleiro **Iago Martínez Varela** intervén para contestar á concelleira e di que con data 14/03/20 a propia concelleira solicitou que se aprazara as comisións informativas ata que rematara o estado de alarma e cre que o *feedback* tamén pode ser ao revés.

A concelleira **Elena Arias Martínez** replica que está manipulando, porque o escrito ao que se refire, é do inicio da pandemia e están xa no mes de maio, os medios telemáticos están aí e a sensación que da é que lles interesa gobernar sos.

O concelleiro **Iago Martínez Varela** di que ao contrario, porque xa, para comezar, son un goberno de coalición e aberto, pero di que ademais o Pleno que están a celebrar, aínda a pesar de ter que celebrarse a porta pechada, está sendo retransmitido e engade que el non manipulou nada, senón que se remitiu ao escrito presentado polo grupo político municipal do PPDG e reitera que, se queren colaborar están abertos a que o fagan, do mesmo xeito que fixo el cando estaba na oposición.



A concelleira **Elena Arias Martínez** pregúntase que clase de colaboración poderán ter, se nin sequera se dignan a contestar os escritos que presentan no rexistro de entrada.

- A concelleira di que ten tamén un rogo e é que o anterior goberno facía as convocatorias dos minutos de silencio o día anterior, para facilitar a asistencia.

O **Alcalde** di que no caso do outro día foi porque estiveron esperando ate o último minuto pola confirmación da FEGAMP e, en canto a tiveron, foi nese momento xusto cando avisou.

- A concelleira roga tamén que revisen a política de desbroces porque teñen moitas queixas relativas a que se anda bailando dunha zona a outra.

A concelleira **Eva García Amor** di que todo ese tempo de crise é certo que estiveron un pouco a salto de mata, porque lle deron prioridade ás tarefas de desinfección e so estiveron co mais gordo.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** formula os seguintes rogos e preguntas:

- O concelleiro di que lle gustaría facer referencia en primeiro lugar a unha pregunta que presentou por escrito o 20 de abril, en relación co que pasou o 16 do mesmo mes sobre a primeira remesa de máscaras que se repartiu; ademais di que o concello de Cabanas recibiu material e quere saber como xestionaron ese material e a onde foi.

O **Alcalde** di que as mascarar lavables, compraron sobre 3100 e foron enviadas e, en canto ás doazóns de pantallas e máscaras a súa totalidade foron a parar aos servizos sociais.

O **concelleiro** di que lle gustaría saber quen doou esas máscaras e pantallas.

O **Alcalde** di que xente anónima.

O **concelleiro** pregunta se foron institucións ou persoas.

O **Alcalde** di que o colexio, algún local...

O **concelleiro** pregunta se quen doou as pantallas.

O **Alcalde** di que foron veciños.

O **concelleiro** pregunta si seguro que foi así.

O **Alcalde** di que si.

O **concelleiro** pregunta entón se doaron 3100 máscaras.

O **Alcalde** di que, xa lle explicou que esas foron compradas polo concello.

- O **concelleiro** continúa dicindo que, en canto ás propostas que meteron por rexistro, en relación ás queixas que tiveron sobre a falla de limpeza e desinfección de mobiliario urbano, beirarrúas e zonas de tránsito, así como a habilitación dun plan para a realización desta limpeza, si lles pode responder a elas nese momento.

A concelleira **Concepción Rodríguez Ferreiro** di que realizaron a desinfección con persoal propio para rúas, zonas comerciais e centro de saúde a onde non chegaron contrataron unha cisterna.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que lles pediron que puxeran un bando para informar das horas.

A concelleira di que se fixo antes da apertura das tendas.

O concelleiro pregunta que protección levaban os traballadores.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

A concelleira di que todos os EPIS correspondentes.

O concelleiro di que el non veu tanto. Di que tamén pediron que se desinfectaran as rúas e pregunta que medidas se adoptaron.

A concelleira di que xa lle comentou que pasou un camiión a desinfectar.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** di que tiveron queixas de que o camiión non chegou a todos os sitios, e comenta o recorrido que fixo.

A concelleira **Concepción Rodríguez Ferreiro** pregúntalle se é que seguiu ao camiión, e di que trataron de chegar a todos os sitios.

O concelleiro di que non seguiu ao camiión, pero os veciños falan e cóntalles as cousas.

- En relación á comisión de seguimento do COVID o concelleiro di que lle gustaría saber que funcións ten, se hai actas e no caso de que as haxa se llas van a trasladar.

O **Alcalde** di que hai resumos e que se trataba de facer comisións para poñer cousas en común e coordinar tarefas. Di que os resumos pásallos sen ningún problema.

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** pregunta se a comisión vai a continuar.

O **Alcalde** di que, nese momento, está prevista para os xoves.

- O concelleiro di que esa comisión tivo reunións presenciais e pregunta con que informes sanitarios.

O **Alcalde** di que tiveron reunións presenciais coas medidas oportunas.

- O concelleiro pregunta porqué non tiveron pleno no mes de marzo.

O **Alcalde** di que, entre outros, porque o propio concelleiro pediu aprazala.

O concelleiro di que, efectivamente, pediu aprazala, non que non se celebrara e ademais di que lle consta que se fixo unha reunión polo tema da Relación de postos de traballo e quere saber con que garantías.

A concelleira **Paula González Grueiro** intervén para contestar que se seguiron todas as recomendacións do Ministerio de Sanidade, distancia social, mascarillas, e desinfección e engade que non todos os traballadores estaban facendo teletraballo, polo que se puido facer perfectamente, porque ademais a actividade sindical, foi considerada actividade esencial e informa que o lugar onde se fixo foi no salón de plenos.

- O concelleiro pregunta canto custou e se quedaron contentos co rebacheo que se fixo en plena pandemia.

A concelleira **Concepción Rodríguez Ferreiro** di que a actuación fíxose onde se considera mais necesaria, non se rematou e contentos quedarán cando se poda facer todo xunto.

- O concelleiro pregunta que protocolos están usando para a protección dos traballadores.

A concelleira **Paula González Grueiro** di que están aplicando o que lles manda o servizo de prevención de riscos, apantallamento, uso de máscaras, medias hixiénicas básicas e ademais pretenden pechar mais a zona de atención ao público.

- O concelleiro di que, nese mesmo día, advertiron en facebook do risco de lume e pregunta que medidas están adoptando ao respecto.



A concelleira **Eva García Amor** di que farán como todos os anos a roza que lles recomenda o distrito forestal o antes posible.

- O concelleiro di que teñen queixas dos veciños de que hai xente que está indo á segunda residencia, sacando incluso a moto de auga e gustaríalle saber que están facendo ao respecto.

O **Alcalde** di que ás persoas que estiveran xa pernoctando en Cabanas aplicáronselles as mesmas medidas que aos residentes, e en relación a xente que veu doutras provincias di que o concello estivo en comunicación coa Garda Civil, fixeron varios operativos e cónstalle que se houbo sancións e inclusive esa última fin de semana houbo un control; en todo caso di que esas condutas incívicas denunciaranse á Garda Civil.

- O concelleiro di que, á vista da STC dun procedemento abreviado de 2019, o concello perdeu o xuízo e hai que pagarlle ao un propietario da rúa do Penso 1449 €, cantidade que primeiramente se lle denegara cun informe de Secretaría Intervención, pregunta se a factura xa está pagada e si se desculpou co veciño, porque cre que sabían de sobra que eran gastos motivados e que o veciño merecería, polo menos, unha desculpa.

O **Alcalde** di que pola súa parte non estaban de acordo en todo os gastos que se reclamaban, de aí que se pedira informe a Secretaría; en todo caso di que falou cos veciños e explicoullo.

- O concelleiro di que veu un decreto de contratación para arranxar un habitáculo na casa do concello e pregunta se non atoparon forma mellor de facelo sen tocar a estrutura e non cre que esa precariedade se vaia a solucionar, así que pide que gasten os cartos onde se poda poñer un sitio digno.

O **Alcalde** di que a obra á que se refire o concelleiro é simplemente o cerramento do rexistro.

- O concelleiro pregunta en que situación están os traballadores do PAI.

A concelleira **Diana Rodríguez Fernández** di que o contrato comezou en marzo, a empresa asumiu a todas as traballadoras, que están a cobrar o seu salario e están preparando unha nova licitación.

- O concelleiro pregunta como está a situación das concesións administrativas.

O **Alcalde** di que están pendentes de licitación.

O concelleiro di que, para rematar gustaríalle facer unhas cantas suxestións:

- Reitera que realicen un plan de desinfección, incluídas as beirarrúas e que avisen.
- Suxire que aproben un plan de rescate social para persoas en situacións precarias.
- Suxire tamén a elaboración dun plan ambiental específico en contra das verteduras.
- Pide que retomen o tema da agrupación de corpos da Policía Local.
- O concelleiro solicita tamén que adquieran un sonómetro para controlar o tema de rúidos.
- O concelleiro suxire que haxa unha pantalla no areal que informe da calidade do aire.

O concelleiro **Iago Varela Martínez**, en relación as suxerencias formuladas indica o seguinte:

Di que, en relación ao plan de verteduras xa están traballado co Seprona.

Tamén di que teñen solicitados varios orzamentos en relación ao tema das pantallas.

Por outra banda, indica que, en relación á pregunta formulada polo concelleiro noutro pleno, en relación ao número de liñas móbiles, quere dicirle que revisou en profundidade o servizo, que levou mais tempo do normal, porque estaba aínda a nome do anterior alcalde, e que había 32 liñas e foron eliminadas 16.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as vinte e unha horas e tres minutos estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, certifico.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Vº e Pº

